



# CERNA

## BARÓMETRO 2019

Análise da información ambiental galega





Elaborado pola  
**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**



**Deputación**  
DA CORUÑA

Actividade subvencionada pola  
**Deputación da Coruña**



## Introdución

CERNA-Barómetro é unha iniciativa do Proxecto CERNA de ADEGA que pretende avaliar a comunicación dos temas ambientais nos medios durante un ano natural. Trátase de analizar tanto cuantitativa como cualitativamente, o tratamento de determinados tópicos relacionados co medio ambiente nos medios de comunicación con presenza en Galiza. Deste xeito, tentamos radiografar que temas ambientais son máis tratados e cando aparecen para aproximarnos ás inquedanzas ambientais da sociedade através dos medios e tirarmos conclusións para facer máis efectivo o traballo das ONGs ambientalistas.

## Metodoloxía

A materia prima son as noticias –registros- que sobre distintos tópicos ambientais se reciben através das subscricións a distintos agregadores de noticias ou RSS. Na **táboa 1** figura unha listaxe destas fontes RSS:

Adega.gal	Efeverde.com	Lugoxornal.gal	Osil.info
Atlántico.net	Eldiario.es	La Opinión Coruña	Pontevedraviva.com
Campogalego.com	Esaltodiario.com	La Región	Praza.gal
Canalbarbanza.com	Europa Press	La Sexta	Sermosgaliza.gal
Códigocero.com	El Correo Gallego	La Voz de Galicia	Voxpopuli.com
Crónica3.com	El Ideal Gallego	Galiciaconfidencial.com	Xornaldamariña.gal
Culturagalega.gal	El País	Galiciapress.es	Xornaldevigo.gal
Diariodepontevedra.es	El Progreso	Gciencia.com	Xornal.USC.gal
Economíadigital.es	Faro de Vigo	Nostelevisión.gal	Xunta.gal

Táboa 1: Fontes RSS

Cada semana categorízanse todas as noticias recibidas destas fontes, usando para iso dúas plataformas agregadoras, **Papaly.com** (dende o 25 de xaneiro ao 31 de xullo de 2019) e a **Tiny Tiny RSS** dende agosto de 2019 en diante.

As **categorías** nas que se clasifican as noticias son as seguintes:

- **ADEGA e ecoloxismo:** Noticias procedentes desta entidade ou nas que os colectivos ecoloxistas son protagonistas. Entre o 25 de xaneiro e o 31 de agosto estas entradas recollíanse nas categorías separadas de “ADEGA” e “Educación Ambiental”.
- **Agroecoloxía e solo:** Entradas relacionadas coa agricultura, gandería e a xestión do solo con fins produtivas. Só se rexistran entradas neste tópico a partires de agosto de 2019.
- **Auga e ríos:** Toda a problemática relacionada co uso da auga como recurso e o estado dos hábitats fluviais.
- **Biodiversidade e conservación:** Noticias sobre especies, hábitats e áreas protexidas. Inclúense aquelas entradas sobre “espazos naturais protexidos e turismo” que entre o 25 de xaneiro e o 31 xullo contaron con categoría propia.
- **Cultura e Patrimonio:** Noticias relacionadas coa xestión, preservación e posta en valor dos elementos do patrimonio cultural e histórico-arqueolóxico.
- **Enerxía e clima:** Entradas que tratan da xestión das fontes enerxéticas e a problemática da mudanza climática.
- **Fauna doméstica e silvestre:** Noticias sobre todo o que arrodea a caza, a xestión da fauna salvaxe e o benestar ou maltrato dos animais domésticos. Até o 32 de agosto de 2019 estas noticias categorizáronse como “Benestar animal e caza”.
- **Mar e litoral:** Entradas sobre a problemática dos espazos costeiros, incluíndo o aproveitamento e consumo de recursos mariños.
- **Montes e forestal:** Noticias relacionadas coa xestión dos espazos forestais no medio rural, con especial atención aos incendios.
- **Residuos e contaminación:** A problemática xerada no ambiente e na sociedade polos refugallos producidos polas actividades humanas, tanto industriais como domésticas. Inclúense nesta categoría as entradas recollidas baixo a lapela de “Minaaría”, que entre o 25 de xaneiro e o 31 de xullo foron indexadas de forma separada.
- **Urbanismo e mobilidade:** Noticias sobre a incidencia dos xeitos de transporte (medios e infraestruturas) no ambiente, así como do desenvolvemento urbano.

Con todas as entradas do ano 2019 (só a partires do 25 de xaneiro) debidamente categorizadas inicialmente por semanas, realízase unha **redistribución mensual** para facilitar a súa análise e máis doada visibilización.


De seguido, os datos (número de rexistros por categoría) distribúense nunha táboa (**táboa 2**) na que se confrontan as distintas categorías cos meses do ano. Deste xeito, podemos albiscar, tanto o número de rexistros das distintas categorías de noticias en cada mes (análise transversal), como a distribución dos rexistros (ou evolución dunha mesma categoría) ao longo do ano (análise lonxitudinal).

Este tipo de análises permiten aproximar tamén conclusións cualitativas alén de cuantitativas. Nunha análise lonxitudinal é doado identificar a relación dun fenómeno determinado, por exemplo os lumes (categoría “montes e forestal”) cunha determinada época do ano (estacionalidade); mentres que nunha análise transversal, a frecuencia das categorías dentro dun mesmo mes permite detectar por comparación coas demais, elementos conxunturais, sen descartar a influencia da estacionalidade. Sería o caso da prevalencia do tópic “enerxía e clima” no/s mes/es nos que ten lugar algunha cimeira internacional da COP (Conferencia das partes contra a mudanza climática).

## Resultados e discusión

Ao longo do ano 2019 rexistráronse un total de **6521** entradas distribuídas do seguinte xeito:


**Figura 1:** Distribución mensual dos rexistros (categorías acumuladas por mes).



Faise notar que indexación de noticias comezou o 25 de xaneiro de 2019, e que a categoría “agroecoloxía e solo” introduciuse a partires do 31 de xullo.

Na **figura 1** correspondente ao número total de rexistros indexados por mes, apréciase que o mes con maior número de entradas, isto é, de noticias ambientais difundidas nos medios, é setembro. Obsérvase unha significativa diminución no número de entradas nos meses de verán, entre maio e agosto, comezando xa en abril, correspondente co período vacacional no que a actividade mediática redúcese considerabelmente, tamén para os temas ambientais. Como xa se indicou, o mes de xaneiro recolle só rexistros a partires do día 25, polo que o total amosado na gráfica para ese mes é anormalmente baixo. Facendo unha sinxela interpolación e tendo en conta o total do mes anterior e posterior, estímase que no mes de xaneiro de 2019 poderíanse ter acadado arredor de 590 rexistros.

**Figura 2:** Número de entradas por categoría no conxunto do ano.



Atendendo á **figura 2** na que se representan os totais anuais de cada temática, obsérvase que a categoría con máis rexistros é a de “residuos e contaminación”, con 1054, un 16,16% do total, seguida moi de preto por “enerxía e clima”, con 1042 entradas e o 15,97%. Indicouse xa que “agroecoloxía e solo” só acumula rexistros a partires do mes de agosto. Extrapolando ao resto do ano o total anual para esta temática podería abeirar os 470 rexistros, na franxa media con respecto ao resto das categorías. As máis infrecuentes ao longo do ano, isto é, as temáticas que menos aparecen dos medios son, considerando a corrección xa citada, “ADEGA e ecoloxismo” e “cultura e patrimonio”.

Na **táboa 2** expóñense os resultados da distribución do número de rexistros de cada categoría ao longo dos meses do ano 2019. Nesta táboa sinálase en cor vermella o valor da/s categoría/s máis frecuente/s en cada mes e en negra o número máis alto de rexistros en cada categoría ao longo do ano.

Segundo unha **análise transversal**, isto é, atendendo unicamente ás categorías dentro de cada mes, obsérvase que, descartando xaneiro por non contar con datos completos, en febreiro a temática máis frecuente con 123 rexistros é “biodiversidade e conservación”. Neste senso, examináronse para a categoría (ou categorías) máis frecuente de cada mes, todas as entradas diarias para identificar que suceso ou sucesos ambientais provocaron o máis alto número de noticias.

- En **febreiro**, as noticias sobre “biodiversidade e conservación” atinxen á problemática das especies invasoras, como a *Vespa velutina* e outras pragas. Tamén destaca neste mes a categoría de “fauna doméstica e salvaxe”, con 114 rexistros, moitos deles relativos aos conflitos sociais pola caza. De feito, ao analizar lonxitudinalmente (distribución ao longo do ano) a categoría “fauna doméstica e salvaxe” no mes de febreiro é no que se produce o maior número de entradas (as citadas 114) debido á problemática xa mencionada.
- En **marzo**, as categorías máis frecuentes son “residuos e contaminación” con 135 entradas e “montes e forestal” con 121. Corresponden a un alto número de noticias sobre a problemática social dos vertedoiros e a xestión dos residuos (canteira de Casalonga, conflito de Nostián); así como ás noticias sobre os lumes forestais, coa primeira vaga de incendios importante do ano.
- No mes de **abril**, a categoría de “residuos e contaminación” volta a ser a máis frecuente, nesta ocasión sen tanta diferenza coas demais, como acontecía o pasado mes. A orixe destas novas ten a ver coa problemática das canteiras e minas, particularmente coa mina de Touro-O Pino.
- No mes de **maio**, repunta claramente “biodiversidade e conservación” con 98 entradas. Moitas destas noticias tratan a problemática da conservación das especies ao fío do Día Mundial da Biodiversidade (22 de maio).
- A categoría máis frecuente no mes de **xuño**, tamén destacada por riba das demais é novamente “residuos e contaminación” con 114 entradas, e numerosas noticias sobre a problemática dos residuos plásticos e a súa presenza na costa. O 8 de xuño celébrase o Día Mundial dos Océanos e son numerosas as actividades de EA relacionadas coa problemática do lixo mariño.
- En **xullo**, volta cobrar protagonismo a temática de “residuos e contaminación”, con moitas novas arredor da tramitación administrativa da mina de Touro e as actuacións de restauración (ou ausencia delas) doutros labores mineiros abandonados.
- En **agosto** a categoría de “biodiversidade e conservación” volve ser como en maio a máis citada, mais sen tanta diferenza. Aínda así, chama a atención a acusada presenza dun mesmo asunto nos medios: o escándalo do exceso de visitantes ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- **Setembro** amosa dúas categorías claramente destacadas, comezando pola de “montes e forestal” (168 rexistros) e “enerxía e clima” (120 entradas). Indo aos con-

tidos destas novas aparecen maioritariamente os lumes como foco de atención no primeiro caso, e as primeiras mobilizacións pola emerxencia climática, no segundo.

- En **outubro**, “enerxía e clima” sobrancea claramente sobre o resto de categorías, debido á controversia creada polo peche das centrais térmicas galegas e as demandas sociais por unha transición enerxética xusta.
- O mes de **novembro** presenta dous máximos, outra volta da man das categorías de “enerxía e clima”, a máis frecuente (138 entradas), e “residuos e contaminación”, con 136 rexistros. No caso da primeira categoría, son a cimeira do clima e a situación de ENDESA nas Pontes as que acadan moitas entradas; mentres que para “residuos e contaminación” rexístranse numerosas noticias arredor do embarrancamento nas nosas costas do quimiqueiro “Blue Star” e os labores de rescate.
- **Decembro** de 2019 volve ter como claros protagonistas a “enerxía e clima”, pola cimeira do clima celebrada ese mes en Madrid e o periplo da activista Greta Thunberg, e “residuos e contaminación”, novamente centrado arredor das operacións no “Blue Star”.

Unha somera **análise lonxitudinal**, permite concluír, como amosaba a figura 2, que tres categorías (“residuos e contaminación”, “enerxía e clima” e “biodiversidade e conservación”) concentran unha importante cantidade de rexistros (por riba do 45% dos rexistros totais anuais), e son as máis frecuentes nun maior número de meses (ver táboa 2): “residuos e contaminación” é a máis frecuente en 5 meses (mazo, abril, xuño, xullo e novembro) e a segunda máis frecuente noutros dous (outubro e decembro). Polo que atinxe a “enerxía e clima” é a categoría con máis noticias en outubro, novembro e decembro, e a segunda en agosto e setembro. Con respecto a “biodiversidade e conservación” os seus tópicos impóñense en febreiro, maio e agosto, e son os segundos en frecuencia en abril, xuño e xullo. Ver tamén a **figura 3**.

**Táboa 2:** Distribución dos rexistros por meses. En cor **vermella** sinálanse o valor da/s categoría/s máis frecuente/s en cada mes. En **negra** sinálanse o número máis alto de rexistros en cada categoría ao longo do ano.




Táboa 2: Distribución dos rexistros por meses.

Categorías / Meses	Xaneiro*	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total	%
ADEGA e ecoloxismo	8	11	30	18	6	17	14	43	59	67	29	30	332	5,09
Agroecoloxía e solo**	-	-	-	-	-	-	-	25	39	30	44	58	196	3
Auga e ríos	6	36	59	16	17	22	30	24	61	50	36	54	411	6,3
Biodiversidade e conservación	26	123	99	65	98	77	69	98	83	52	47	25	862	13,21
Cultura e patrimonio	8	21	25	9	9	6	2	23	86	41	36	58	324	4,96
Energía e clima	24	92	80	28	17	59	40	76	120	173	138	195	1042	15,97
Fauna doméstica e silvestre	21	114	81	37	22	29	39	40	78	77	47	58	643	9,86
Mar e litoral	5	26	61	38	25	59	18	38	39	25	46	60	440	6,74
Montes e forestal	15	71	121	22	38	47	37	62	168	57	51	63	752	11,53
Resíduos e contaminación	23	111	135	76	32	114	90	53	62	80	136	142	1054	16,16
Urbanismo e mobilidade	7	57	16	6	5	14	3	35	86	53	78	105	465	7,13
<b>Total rexistros mes</b>	<b>143</b>	<b>662</b>	<b>707</b>	<b>315</b>	<b>269</b>	<b>444</b>	<b>342</b>	<b>517</b>	<b>881</b>	<b>705</b>	<b>688</b>	<b>848</b>	<b>6521</b>	<b>Total</b>

\* A indexación de rexistros comezou a partir do 25 de xaneiro

\*\* A categoría "Agroecoloxía e solo" comezou a indexar rexistros a partir do 31 de xullo de 2019.

Figura 3: Gráfico de distribución das entradas por categoría ao longo de 2019.



\* A indexación de rexistros comezou a partir do 25 de xaneiro.

\*\* A categoría "Agroecoloxía e solo" comezou a indexar rexistros a partir do 31 de xullo de 2019.

## Conclusiones

O CERNA-Barómetro semella ser unha ferramenta útil para aproximarnos ao tratamento das noticias ambientais en medios de comunicación de diverso ámbito, através da ferramenta dos indexadores RSS.

Asumindo como válida a categorización realizada, que podería variar engadindo ou reducindo temáticas ou reasignando tópicos entre as existentes, a análise dos datos permite tirar determinadas conclusións sobre o peso das distintas temáticas ambientais nas novas, a súa distribución temporal, así como a súa relación con determinados fenómenos de fondo como a emerxencia climática ou mesmo conxunturais (acontecementos).

Os intereses mediáticos seguen centrados arredor daquelas temáticas que xeran unha ampla controversia e que ameazan directamente a nosa calidade de vida: a contaminación ambiental e a mudanza climática fundamentalmente, e en menor medida, a problemática da conservación das especies (invasoras e xestión dos espazos protexidos). Porén, este maior interese céntrase máis en cuestións puntuais que de fondo: o conflito social por unha mina, en troques da xestión de determinados procesos industriais e as súas alternativas; ou a celebración da COP 25 e o activismo climático, en lugar dos problemas que a mudanza climática xa está a crear e para os que as solucións seguen sen chegar.

Seguen tendo tamén unha ampla cobertura temáticas estacionais como os lumes forestais, dos que se observa en 2019 unha clara desestacionalización (ou re-estacionalización), con importante presenza nos meses finais de inverno e primavera, ademais de finais do verán. Destaca tamén a relativa baixa cobertura das noticias relacionadas coa auga e os ríos, o litoral e o patrimonio cultural e arqueolóxico, malia a sermos un país cunha ampla rede fluvial, extensa costa e rico acervo histórico e arqueolóxico.

ADEGA, febreiro de 2020



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**